

Acta asemblea en Común Extraordinaria

Data: Luns 23 de novembro de 2015

Lugar: Espazo en Común (As Burgas, 8)

Hora: 20h

ÚNICO PUNTO DA ORDE DO DÍA:

Posicionamento e participación OUeC próximas citas electorais

Debate: <embed Vídeo Youtube>

Votación:

Proposta 1: Apoio á candidatura En Marea sen crítica de ningún tipo ao modo de confección de lista e programa.

Primeira volta: 64% a favor, 23% en contra e 13% de abstención.

Ao non acadar os 2/3 da asemblea a proposta decae.

Proposta 2: Apoio á candidatura En Marea pero afondando nos matices da mesma.

Primeira volta: 5% a favor, 63% en contra e 32% de abstención.

Ao non acadar os 2/3 da asemblea a proposta decae.

Proposta 3: Non apoio á candidatura.

Primeira volta: 18% a favor, 64% en contra e 18% de abstención.

Ao non acadar os 2/3 da asemblea a proposta decae.

Ao non acadar ningunha das tres propostas os 2/3 requiridos en base aos documentos que rexen a toma de decisións en OUeC (documento estrutura organizativa) procédese a votar a urxencia do posicionamento: 80% de votos a favor da urxencia, 10% en contra e 10% de abstención.

Consensuada a urxencia da decisión a tomar deberían votarse as tres propostas por separado, sendo aquela máis votada a decisión referendada por maioría simple. Procurando conseguir o maior referendo posible preséntase unha proposta transaccional entre a 1ª e 2ª formulada en base os acordos presentes no comunicado inferior e fundamentada na crítica e

autocrítica. Sométese a consenso que é bloqueado por un 14% da asemblea, feito que obriga a unha nova votación:

Primeira volta: 72% a favor, 14% en contra e 14% de abstención.

Ao acadar os 2/3 da asemblea a proposta é aprobada

<embed ISUU Comunicado>